

**Xunta de Galicia**  
**Corpo Facultativo Superior de Arquivos**  
**Primeiro exercicio**  
**Promoción interna**  
**Opción B**

<b>1.</b>		<b>Na época de Franco o Exército do Aire organizouse territorialmente...</b>
	a	En rexións e zonas aéreas
	b	En capitánías e servizos aéreos
	c	En departamentos e servizos aéreos
	d	En comandancias e zonas aéreas
<b>2.</b>		<b>Para poder aplicar un mostreo, é preciso traballar sobre...</b>
	a	Seccións completas
	b	Fondos íntegros
	c	Series homoxéneas
	d	Coleccións documentais
<b>3.</b>		<b>O Consello de Guerra...</b>
	a	Declaraba a guerra e a paz
	b	Propoñía mandos militares
	c	Declaraba a guerra e a paz e propoñía mandos militares
	d	Declaraba a guerra e a paz, propoñía mandos militares e interviña na construción de fortificacións
<b>4.</b>		<b>A que se denomina SGDEA en materia de xestión documental?</b>
	a	A un sistema xeral dixital de eliminación arquivística
	b	A un sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo
	c	A unha sección xeral de documentos electrónicos adaptados
	d	A un servizo xeral de xestión de documentos administrativos
<b>5.</b>		<b>A mediados do século XVIII as reformas efectuadas na administración territorial da metrópole repercuten en América...</b>
	a	Isto supón que a todas as provincias se lle aplique o réxime de intendencias
	b	Pero a reforma non alcanza a todas as provincias; as que manteñen o sistema antigo reciben o nome de audiencias gobernadoras e cualifícanse as reformadas de intendencias
	c	Pero a reforma non alcanza a todas as provincias; as que manteñen o sistema antigo reciben o nome de gobernos políticos e militares e cualifícanse de intendencias as reformadas
	d	Pero o réxime de intendencias non se aplicou en Indias
<b>6.</b>		<b>A Real orde de 22 de novembro de 1901, que aproba o Regulamento para o réxime e goberno dos arquivos do Estado...</b>
	a	Non fai referencia ningunha ao acceso
	b	Abre o acceso aos arquivos que custodien documentos do período dos Austrias, é dicir, anteriores a 1700
	c	Abre o acceso aos arquivos que custodian documentos ata 1900
	d	Abre o acceso aos arquivos que custodian documentos anteriores ao século XIX
<b>7.</b>		<b>Respecto aos gremios...</b>
	a	Podemos atopar documentos nos arquivos históricos provinciais xa que os gremios presentaban a súas ordenanzas aos notarios para a súa ratificación
	b	Os arquivos municipais poden aportar fontes documentais sobre os gremios xa que estas corporacións presentaban as súas ordenanzas aos concellos para a súa aprobación, comunicaban o nomeamento do seus cargos, e vixiaban os exames de aptitude
	c	Podemos atopar documentos nas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación xa que substitúen aos gremios dende o século XVII
	d	O Arquivo Xeral de Simancas pode aportar fontes documentais sobre os gremios xa que estas corporacións presentaban a súas ordenanzas ao Consello de Estado para a súa aprobación, comunicaban o nomeamento do seus cargos e vixiaban os exames de aptitude
<b>8.</b>		<b>Que é PARES?</b>

	a	O portal de arquivos en rede da Xunta de Galicia
	b	O portal de arquivos españois do Ministerio de Cultura
	c	A páxina Web dos arquivos nacionais
	d	A iniciativa do Arquivo Xeral da Administración para convocar aos arquivos nacionais ás súas reunións periódicas de normalización descritiva
<b>9.</b>		<b>Na Constitución de 1931...</b>
	a	Recoñécese o dereito ao voto ás mulleres
	b	As mulleres quedaban excluídas do sufraxio activo pero non do pasivo, podendo aspirar a un escano no Congreso
	c	Establécese o Senado como cámara territorial, representante das rexións
	d	Establécese unha estrutura do Estado de tipo federal
<b>10.</b>		<b>Que característica falta nos chamados <i>privilexios menores</i>, propios da <i>Cancillería Catalano-Aragonesa</i>?</b>
	a	A invocación
	b	A intitulación
	c	A data
	d	A corroboración
<b>11.</b>		<b>Segundo a Lei 16/1985 de patrimonio histórico español, os bens custodiados en arquivos de titularidade estatal...</b>
	a	Non poderán saír deles sen que se autorice por orde ministerial, salvo se se trata de bens en depósito, para os que se respectará o pactado ao constituírse este
	b	Non poderán saír deles sen que se autorice por orde ministerial, salvo se se trata de saídas para exposicións en outros arquivos estatais, para o que decidirá libremente o director do centro
	c	Poderán saír deles se se solicita en prazo ante o director do centro, que deberá informar á Subdirección Xeral de Arquivos para que autorice a saída, sempre que se respecten as condicións de seguridade
	d	Non poderán saír do arquivo salvo que se autorice por decreto, excepto que se trate de bens en depósito, para os que se respectará o pactado ao constituírse este
<b>12.</b>		<b>A <i>Real Facenda Indiana</i> articulouse territorialmente...</b>
	a	En <i>Procuradorías</i> que se foron fundando segundo as necesidades, co nome da localidade sede dos oficiais rexios
	b	En <i>Caixas</i> que se foron fundando segundo as necesidades, co nome da localidade sede dos oficiais rexios
	c	En <i>Xuntas</i> que se foron fundando segundo as necesidades, co nome da localidade sede dos oficiais rexios
	d	En <i>Gobernacións</i> que se foron fundando segundo as necesidades, co nome da localidade sede dos oficiais rexios
<b>13.</b>		<b>Coa restauración, o réxime de goberno provincial quedou plasmado na Lei de 29 de agosto de 1882 e establece que...</b>
	a	O xefe político preside con voz pero sen voto a Deputación e a Comisión Provincial
	b	O xefe político preside con voz e voto a Deputación e a Comisión Provincial
	c	O gobernador preside con voz pero sen voto a Deputación e a Comisión Provincial
	d	O gobernador preside con voz e voto a Deputación e a Comisión Provincial
<b>14.</b>		<b>Que é MoReq?</b>
	a	Un modelo de requisitos funcionais para a xestión de documentos electrónicos de arquivo
	b	Un sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo
	c	Un modelo de requisitos funcionais para a xestión de documentos dixitais
	d	Un sistema de xestión de documentos dixitais
<b>15.</b>		<b>Que Lei limita expresamente o acceso aos arquivos protexidos polo segredo comercial ou industrial?</b>
	a	A lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
	b	A Constitución, no seu artigo 105 - B
	c	A Lei 16/1985 de patrimonio histórico español
	d	A lei 1/1995 de propiedade intelectual
<b>16.</b>		<b>As galeras...</b>
	a	Eran un castigo exclusivo dos tribunais seculares
	b	Este tipo de castigo non se utilizou en España

	c	Eran un castigo utilizado polo tribunais seculares e pola inquisición española
	d	Xunto co <i>sambenito</i> , o alonxamento e o encarceramento conformaban os catro tipos de castigo que utilizaba a Inquisición española
<b>17.</b>		<b>Os dereito de acceso dos cidadáns aos arquivos, leva implícito o de obter copias gratuítas dos documentos?</b>
	a	Si, o dereito de acceso leva implícito o dereito de obter copias gratuitamente
	b	Non, o dereito de acceso non leva implícito o dereito de obter copias gratuitamente
	c	Si, o dereito de acceso indica que podemos fotocopiar os documentos que nos entreguen na sala
	d	Non, o dereito de acceso non leva implícito o de obter copias, en ningún caso
<b>18.</b>		<b>Á morte de Fernando VII, aprobada a nova división territorial, xorden as catro provincias galegas que coñecemos actualmente, con capitais....</b>
	a	Na Coruña, Lugo, Ourense e Tui
	b	Na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo
	c	Na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
	d	Na Coruña, Lugo, Betanzos e Pontevedra
<b>19.</b>		<b>A Comisión Técnica de Arquivos...</b>
	a	É un órgano asesor do Consello da Xunta de Galicia en materia de patrimonio cultural, segundo se establece no artigo 7 da Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia
	b	É un órgano asesor da Consellería de Cultura en materia de patrimonio cultural, segundo se establece no artigo 7 da Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia
	c	É un órgano consultivo do Consello da Xunta de Galicia en materia de patrimonio cultural, segundo se establece no artigo 7 da Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia
	d	É un órgano executivo da Consellería de Cultura en materia de patrimonio cultural, segundo se establece no artigo 7 da Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia
<b>20.</b>		<b>O Padroado Real...</b>
	a	É o fondo documental que recolle os rexistros da <i>Cancillería</i> castelá dende o século XV, e consérvase no Arquivo Histórico Nacional
	b	É unha colección resultado da labor selectiva de arquivistas para defender documentalmente os intereses e dereitos da coroa; consérvase no Arquivo Xeral de Simancas
	c	É o fondo documental que recolle os rexistros da <i>Cancillería</i> castelá dende o século XV, e consérvase no Arquivo Xeral de Simancas
	d	É unha colección resultado da labor selectiva de arquivistas para defender documentalmente os intereses e dereitos da coroa; consérvase no Arquivo Histórico Nacional
<b>21.</b>		<b>Cal das seguintes normas legais define e regula as redes de arquivos públicos e privados de Galicia?</b>
	a	A Lei orgánica 1/1981 do Estatuto de Autonomía de Galicia
	b	A Lei 16/1985 de patrimonio histórico español
	c	O Decreto 307/1989 regulador do sistema de arquivos e patrimonio documental de Galicia
	d	O Real decreto 111/1986 de desenvolvemento parcial da lei 16/1985
<b>22.</b>		<b>A Conferencia Episcopal...</b>
	a	Foi establecida como institución formal a raíz do Concilio de Trento
	b	A española creouse en 1966
	c	A española creouse en 1976
	d	Foi establecida como institución formal a raíz do Concilio Vaticano I
<b>23.</b>		<b>As intercalacións de documentos, segundo José Luis de la Torre Merino e Mercedes Martín-Palomino Benito na súa publicación “Metodología para la identificación y valoración de fondos documentales”...</b>
	a	Non se permiten nos arquivos centrais, intermedios e históricos
	b	Non se permiten nos arquivos intermedios e históricos
	c	Realizaranse para aqueles documentos que foron separados das súas series orixinais, e foron transferidos ao arquivo receptor da serie documental na que estaría integrado o documento ou expediente a intercalar e que por razóns diversas atópase no arquivo remitente
	d	Realizaranse para aqueles documentos que foron separados das súas series orixinais, e non foron

		transferidos ao arquivo receptor da serie documental na que estaría integrado o documento ou expediente a intercalar e que por razóns diversas atópase no arquivo remitente
<b>24.</b>		<b>O concordato de 1753 supuxo esencialmente...</b>
	a	Recoñecer aos reis o dereito universal de <i>padroado</i> como concesión gratuíta da Santa Sé que subrogaba no rei unhas atribucións teoricamente súas
	b	Recoñecer aos reis o dereito universal de <i>padroado</i> baseándose nos dereitos tradicionais de conquista e fundación
	c	A renuncia dos reis o dereito universal de <i>padroado</i> como cesión do rei para mellora das relacións Igrexa-Estado
	d	A renuncia parcial dos reis o dereito de <i>padroado</i> como cesión do rei para mellora das relacións Igrexa-Estado
<b>25.</b>		<b>A Audiencia e Chancillería de Valladolid coñece en primeira instancia algún caso...</b>
	a	Non porque é un tribunal de apelación
	b	Si, a sala dos alcaldes de casa e corte e <i>chancillería</i> coñecen dos casos xurdidos no rastro do tribunal
	c	Si, a sala dos alcaldes de casa e corte e <i>chancillería</i> coñecen dos casos xurdidos no rastro do rei
	d	Non, coñece só casos en apelación dos <i>gerentes vices</i>
<b>26.</b>		<b>No 28 Congreso Federal do PSOE...</b>
	a	Celebrado en maio de 1979, o PSOE afirmase como partido democrático, federal e marxista
	b	Celebrado en maio de 1979, o PSOE elixe como secretario xeral a Filipe González Márquez
	c	Celebrado en maio de 1979, o PSOE afirmase como partido democrático e federal, non marxista
	d	Celebrado en maio de 1976, o PSOE elixe como secretario xeral a Filipe González Márquez
<b>27.</b>		<b>No art. 30. 4 da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en relación coas copias, nos supostos de documentos...</b>
	a	Emitidos orixinalmente en soporte electrónico, non poderán eliminarse sen publicar previamente as listas de documentos susceptibles de selección
	b	Esta lei remite a regulación das copias ao regulamento posterior
	c	Emitidos orixinalmente en soporte papel e dos que se fixesen copias electrónicas de acordo co disposto neste artigo, non poderá procederse á destrución dos orixinais
	d	Emitidos orixinalmente en soporte papel dos que se fixesen copias electrónicas de acordo co disposto neste artigo, poderá procederse á destrución dos orixinais nos termos e coas condicións que por cada administración pública se estableza
<b>28.</b>		<b>No debate suscitado polos <i>xustos títulos</i>, cales de entre os seguintes autores fixeron firme defensa dos dereitos dos indios?</b>
	a	Juan Rodríguez de Fonseca e Bartolomé de las Casas
	b	Suárez de Carvajal e Bartolomé de las Casas
	c	García de Loaysa e Bartolomé de las Casas
	d	Francisco de Vitoria e Bartolomé de las Casas
<b>29.</b>		<b>As Escolas Obradoiro de arquivos dirixidas a licenciados e diplomados...</b>
	a	Naceron en 1987 e tiveron sede no Arquivo do Reino de Galicia, no Arquivo Histórico Nacional en Madrid, no que foi sección deste o Arquivo da Guerra Civil en Salamanca e no Arquivo Xeral da Administración en Alcalá de Henares
	b	Naceron en 1988 e tiveron sede no Arquivo do Reino de Galicia, no Arquivo Histórico Nacional en Madrid, no que foi sección deste o Arquivo da Guerra Civil en Salamanca e no Arquivo Xeral da Administración en Alcalá de Henares
	c	Naceron en 1988 e tiveron sede no Arquivo do Reino de Galicia e no Arquivo Xeral da Administración en Alcalá de Henares
	d	Naceron en 1987 e tiveron sede no Arquivo do Reino de Galicia e no Arquivo Xeral da Administración en Alcalá de Henares
<b>30.</b>		<b>O cargo de Canciller aparece na Cancillería catalano-aragonesa...</b>
	a	No reinado de Martín o Humano en 1344
	b	No reinado de Pedro IV o Cerimonioso en 1344
	c	No reinado de Xaime I en 1218
	d	No reinado de Pedro III en 1344

<b>31.</b>		<b>O Estatuto de Autonomía de Galicia reconece á comunidade autónoma no seu art. 27.18 en materia de arquivos...</b>
	a	Competencia de desenvolvemento lexislativo e execución
	b	Competencia de execución nos centros de titularidade non autonómica
	c	A competencia exclusiva en arquivos de interese para a comunidade autónoma e a posibilidade de transferir os arquivos de titularidade estatal
	d	A competencia exclusiva en arquivos de interese para a comunidade autónoma e que non sexan de titularidade estatal
<b>32.</b>		<b>Os documentos textuais...</b>
	a	Son unha clase de documentos
	b	Son un tipo de documentos
	c	Son un formato de documentos
	d	Son un contido substantivo dos documentos
<b>33.</b>		<b>Na Cancillería de Afonso X o Sabio xorde un tipo de <i>mandato</i> renovado que se caracteriza por...</b>
	a	Seguir utilizando o pergameo e os selos pendentes pero modifica a estrutura do contido textual evolucionando ata case identificarse coas cartas abertas de dirección explícita, e queda como algo específico o <i>mando firmemente</i>
	b	Substituír o pergameo polo papel, o selo pendente polo de placa, e a estrutura do contido textual evoluciona ata case identificarse coas sobrecartas de dirección explícita
	c	Substituír o pergameo polo papel, o selo pendente polo de placa, e a estrutura do contido textual evoluciona ata case identificarse coas cartas abertas de dirección explícita
	d	Seguir utilizando o pergameo e os selos pendentes pero modifica a estrutura do contido textual evolucionando ata case identificarse coas cartas misivas de dirección explícita, e queda como algo específico o <i>mando firmemente</i>
<b>34.</b>		<b>A Norma galega de descrición arquivística...</b>
	a	Inclúe unha definición de fondo funcional
	b	Inclúe unha definición de fondo dende a perspectiva orgánica
	c	Inclúe unha definición subfondo
	d	Inclúe unha definición de primeira división de fondo
<b>35.</b>		<b>Son documentos secretos...</b>
	a	O Plan Xeral de Defensa Nacional
	b	Os que poidan afectar a seguridade do Estado e non estean tipificados como reservados
	c	Os que declaren o Ministro de Cultura ou o Conselleiro de Cultura para o seu ámbito territorial
	d	En España non existen documentos secretos, a máxima restrición de acceso establécea a Lei de protección de datos de carácter persoal
<b>36.</b>		<b>En que curso se matricularán na Universidade de Santiago de Compostela as primeiras mulleres?</b>
	a	No curso 1913-1914
	b	No curso 1931-1932
	c	No curso 1932-1933
	d	No curso 1941-1942
<b>37.</b>		<b>Cando se preste un documento nun arquivo para una exposición antes da súa saída...</b>
	a	Deberá garantirse a súa conservación mediante unha fianza depositada no arquivo a nome do director do centro
	b	Realizarase una copia de seguridade
	c	O arquivo titular deberá aboar o custe do seguro do documento
	d	Os arquivos non deben prestar documentos que teñan máis de 100 anos de antigüidade
<b>38.</b>		<b>Os expedientes persoais de militares con rangos de tropa, custóianse...</b>
	a	No Arquivo Xeral Militar de Guadalaxara
	b	No Arquivo Xeral Militar de Segovia
	c	No Arquivo Xeral Militar de Madrid
	d	No Arquivo Xeral Militar de Ávila
<b>39.</b>		<b>O título VII da Lei 16/1985 de patrimonio histórico español divídese en...</b>
	a	Dous capítulos: capítulo I “Dos arquivos, bibliotecas e museos” e capítulo II “Do patrimonio documental

		e bibliográfico”
	b	Tres capítulos: capítulo I “Dos arquivos”, capítulo II “Das bibliotecas” e capítulo III “Dos museos”
	c	Dous capítulos: capítulo I “Do patrimonio documental e bibliográfico” e capítulo II “Dos arquivos, bibliotecas e museos”
	d	Non se subdivide, e leva o nome: “Dos arquivos, bibliotecas e museos”
<b>40.</b>		<b>Polo que respecta aos documentos referidos ás posesións españolas no norte de África...</b>
	a	Custóianse no Arquivo Xeral da Administración, tanto os producidos polos organismos creados nos propios territorios, como os producidos polos órganos centrais con sede na península
	b	Custóianse no Arquivo Xeral da Administración os producidos polos órganos centrais con sede na península. Os dos organismos creados nos propios territorios conservanse: os correspondentes ás colonias en territorio marroquí, no Arquivo de Indias; os de Sidi – Ifni, Sahara e Guinea, no Arquivo Histórico Nacional.
	c	Custóianse no Arquivo Xeral da Administración os producidos polos órganos centrais con sede na península. Os dos organismos creados nos propios territorios conservanse: os correspondentes a Sidi – Ifni, Sahara e Guinea, no Arquivo de Indias; os das colonias en territorio marroquí, no Arquivo Histórico Nacional
	d	Custóianse no Arquivo Histórico Nacional tanto os producidos polos organismos creados nos propios territorios, como os producidos polos órganos centrais con sede na península
<b>41.</b>		<b>A Secretaría do Despacho Universal divídese en 1705....</b>
	a	Nos departamentos de Estado, Guerra, Marina-Indias e Xustiza
	b	Nos departamentos de Estado, Guerra, Marina-Indias, Xustiza e Facenda
	c	Nos departamentos de Estado, Guerra, Marina, Indias, Xustiza e Facenda
	d	Nun departamento encargado de Guerra e Facenda e outro que se encarga do resto dos asuntos
<b>42.</b>		<b>Que norma introduce o estado de conservación dos fondos como unha limitación ao acceso e polo tanto, á reprodución de fondos?</b>
	a	A Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
	b	A Constitución no seu artigo 105 - B
	c	A Lei 16/1985 de patrimonio histórico español
	d	A Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia
<b>43.</b>		<b>As escribanías de Castro Arias e Ribera...</b>
	a	Creadas na Real Audiencia de Galicia dende a súa orixe, xeraron documentos que se conservan no Arquivo do Reino de Galicia
	b	Creadas no Consello de Castela no século XVI, xeraron documentos que se conservan no Arquivo Xeral de Simancas
	c	Creadas na Real Audiencia de Galicia no século XIX, xeraron documentos que se conservan no Arquivo do Reino de Galicia
	d	Creadas na Notaría Maior do Reino, xeraron documentos que se conservan no Arquivo Histórico de Protocolos de Madrid
<b>44.</b>		<b>O cadro de clasificación de fondos do Arquivo Xeral da Administración que se pode consultar na súa páxina Web</b>
	a	Permite o acceso, premendo en cada un dos fondos, aos seus instrumentos de descrición
	b	Permite o acceso, premendo en cada un dos fondos, aos documentos escaneados
	c	Permite o acceso, premendo en cada un dos fondos, a descrición segundo a norma ISAD (G)
	d	É un ficheiro PDF e non permite ningún acceso directo a ningunha información premendo nos fondos
<b>45.</b>		<b>Que arquivo conserva a máis importante colección de diplomas medievais, entre os que se atopa un gran número de documentos reais?</b>
	a	O Arquivo Xeral de Simancas
	b	O Arquivo Histórico Nacional
	c	O Arquivo Xeral da Administración
	d	O Arquivo da Presidencia do Goberno
<b>46.</b>		<b>Que norma ISO dedicada a xestión de documentos dedica parte do seu contido á estratexias, deseño e implantación?</b>
	a	ISO 15489-1:2001-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 1: Xeneralidades

	b	ISO/TR 15489-2:2001-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 2: Directrices
	c	ISO 15489-1:2001-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 1: Directrices
	d	ISO 15489/TR15489-2:2003-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 1: Directrices
<b>47.</b>		<b>Os expedientes persoais de militares con rangos de suboficiais, oficiais e xefes, custódiense...</b>
	a	No Arquivo Xeral Militar de Guadalaxara
	b	No Arquivo Xeral Militar de Segovia
	c	No Arquivo Xeral Militar de Madrid
	d	No Arquivo Xeral Militar de Ávila
<b>48.</b>		<b>O Congreso dos Deputados...</b>
	a	Como tal xorde na Constitución de 1812
	b	Como tal xorde na Constitución de 1837
	c	Como tal xorde no Estatuto Real 1834
	d	Como tal xorde na Constitución federal de 1873
<b>49.</b>		<b>Os notarios segundo a Lei do notariado vixente...</b>
	a	Xa non realizan traslados de escrituras
	b	Abonarán a <i>media annata</i> para obter título de exercicio
	c	Estarán obrigados a levar índices informatizados e, no seu caso, en soporte papel dos documentos protocolizados e intervidos
	d	Estarán obrigados a levar índices en soporte papel de los documentos protocolizados e intervidos
<b>50.</b>		<b>Que arquivista, director do Arquivo do Reino de Galicia nos anos 80, escribiu sobre a formación profesional dos arquivistas?</b>
	a	Luis Martínez García
	b	Gabriel Quiroga Barro
	c	Pedro López Gómez
	d	Olga Gallego Domínguez
<b>51.</b>		<b>O arquivo da emigración Galega...</b>
	a	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1992 para reunir información sobre o fenómeno migratorio
	b	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1997 para reunir información sobre o fenómeno migratorio
	c	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1987 para reunir información sobre o fenómeno migratorio
	d	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1982 para reunir información sobre o fenómeno migratorio
<b>52.</b>		<b>Na España feudal, na formalización do pacto de vasalaxe, o acto do <i>besamanos</i>...</b>
	a	Non forma parte da cerimonia de vasalaxe
	b	Só se utiliza esta formula na Francia <i>carolinxia</i>
	c	Chegou a substituír a <i>inmixtio manuun</i> e a súa formalización establécese nas <i>Partidas</i>
	d	Chegou a substituír a <i>inmixtio manuun</i> e a súa formalización estableceuse na <i>Lex Romana Visigithorum</i>
<b>53.</b>		<b>As causas internas de alteración do papel...</b>
	a	Atópanse no entorno ambiental
	b	Son intrínsecas á natureza do papel
	c	Prodúcese a inadecuada manipulación
	d	Poden ser de carácter catastrófico
<b>54.</b>		<b>As actas da Xunta do Reino de Galicia....</b>
	a	Consérvanse completas en cada un dos arquivos municipais das sete cidades cabeceira das antigas provincias.
	b	O Arquivo Histórico Provincial de Lugo custodia as do período cronolóxico 1621-1818
	c	O Arquivo Municipal da Coruña custodia as do período 1818-1838
	d	Consérvanse só en dous arquivos municipais: No de Lugo, para a primeira época e no da Coruña para a segunda e última
<b>55.</b>		<b>Se queremos estudar a evolución da Igrexa en España...</b>
	a	Consultaremos os documentos da <i>Cámara de Castela</i> que se custodian no Arquivo Histórico Nacional e

		no Arquivo Xeral de Simancas
	b	Consultaremos os documentos da <i>Cámara de Castela</i> que se custodian no Arquivo Xeral de Simancas, pero non no Arquivo o Histórico Nacional
	c	Consultaremos os documentos do <i>Consello de Estado</i> que se custodian no Arquivo Xeral de Simancas, pero non a <i>Cámara de Castela</i> xa que non tiña competencias relacionadas coa Igrexa
	d	Consultaremos os fondos de institucións eclesiásticas desamortizadas conservadas no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
<b>56.</b>		<b>Os tercios vellos...</b>
	a	Estaban compostos exclusivamente por españois, e en 1534 creáronse os máis antigos: Lombardía, Sicilia e Nápoles
	b	Estaban compostos exclusivamente por españois, e en 1543 creáronse os máis antigos: Milán, Sicilia e Nápoles
	c	Estaban compostos por españois e valóns, e en 1534 creáronse os máis antigos: Milán Sicilia e Nápoles
	d	Estaban compostos por españois e valóns, e en 1543 creáronse os máis antigos: Lombardía, Sicilia e Nápoles
<b>57.</b>		<b>Os documentos do Consello de Aragón atópanse...</b>
	a	No Arquivo Xeral da Coroa de Aragón
	b	No Arquivo Xeral da Coroa de Aragón e no Arquivo Histórico Nacional, fundamentalmente
	c	No Arquivo Xeral da Coroa de Aragón e no Arquivo Xeral de Simancas, fundamentalmente
	d	No Arquivo Xeral de Simancas e no Arquivo Histórico Nacional, fundamentalmente
<b>58.</b>		<b>A Xunta Suprema de Estado....</b>
	a	Erixiuse como ordinaria e perpetua en 1787, como asemblea na que se reúnen todos os secretarios do Estado e do Despacho con outros altos persoeiros da política e a administración a fin de adoptar os acordos oportunos
	b	Erixiuse como ordinaria e perpetua en 1787, como asemblea na que se reúnen todos os secretarios do Estado e do Despacho, e exclusivamente eles, a fin de adoptar os acordos oportunos
	c	Erixiuse como ordinaria e perpetua en 1714, como asemblea na que se reúnen todos os secretarios do Estado e do Despacho con outros altos persoeiros da política e a administración a fin de adoptar os acordos oportunos
	d	Erixiuse como ordinaria e perpetua en 1714, como asemblea na que se reúnen todos os secretarios do Estado e do Despacho, e exclusivamente eles, a fin de adoptar os acordos oportunos
<b>59.</b>		<b>Os documentos das Cortes de Navarra e da Deputación do Reino...</b>
	a	Constitúen o núcleo orixinario do Arquivo Xeral de Navarra
	b	Consérvanse no Arquivo Xeral de Simancas xunto cos documentos do Consello de Navarra
	c	Consérvanse no Arquivo do Congreso dos Deputados
	d	Consérvanse no Arquivo Xeral de Simancas na sección <i>Padroado Real</i>
<b>60.</b>		<b>O Xulgado da Protectoría do Voto de Santiago...</b>
	a	Era un xulgado especial dentro da <i>Real Chancillería</i> de Valladolid, que se ocupaba do cobro da renda do Voto de Santiago e dos conflitos que se puideran xerar en torno a el, en primeira instancia
	b	Era un xulgado especial dentro da Real Audiencia de Galicia, que se ocupaba do cobro da renda do Voto de Santiago e dos conflitos que se puideran xerar en torno a el, en primeira instancia
	c	Era un xulgado especial dentro da Real Audiencia de Galicia, que se ocupaba do cobro da renda do Voto de Santiago e dos conflitos que se puideran xerar en torno a el, en única instancia.
	d	Era un xulgado especial dentro da <i>Real Chancillería</i> de Valladolid, que se ocupaba do cobro da renda do Voto de Santiago e dos conflitos que se puideran xerar en torno a el, en única instancia.
<b>61.</b>		<b>Os documentos do fondo <i>Cancillería</i>. Rexistro do Selo de Corte consérvanse</b>
	a	No Arquivo Xeral de Simancas e contén documentos de xeito continuado dende o século XV ao XVII
	b	No Arquivo Xeral de Simancas e contén documentos de xeito continuado dende o século VIII ao XVII
	c	No Arquivo Histórico Nacional e contén documentos de xeito continuado dende 1475 a 1689
	d	No Arquivo Histórico Nacional e contén documentos de xeito continuado dende o século VIII a 1689
<b>62.</b>		<b>Cando se dispuxo que os notarios debían firmar as escrituras notariais que quedaban no protocolo?</b>
	a	En 1636
	b	En 1503

	c	En 1525
	d	En 1536
<b>63.</b>		<b>A Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos indica en relación co expediente electrónico...</b>
	a	Que debe conservarse no ordenador do organismo emisor
	b	Como se levará a cabo o foliado
	c	Que non pode incluír documentos que pertencen a máis dun expediente
	d	Que non está suxeito a selección
<b>64.</b>		<b>Respecto ao Concello de Burela...</b>
	a	Pertence a comarca da Mariña Occidental
	b	A Xunta aproba a súa segregación de Cervo en 1994
	c	A Xunta aproba a súa segregación de Cervo en 1992
	d	Pertence a comarca da Mariña Oriental
<b>65.</b>		<b>A reivindicación polo papado da <i>Donación de Constantino</i> con respecto aos territorios hispanos...</b>
	a	Foi respondida polos reis de Castela, León, Aragón e Navarra, que se declararon vasallos de Roma
	b	Foi respondida polos reis de Castela e León, que se declararon vasallos de Roma pero non polos de Aragón e Navarra.
	c	Foi respondida polos reis de Aragón, que se declararon vasallos de Roma, pero non polos de Castela e León.
	d	Foi respondida polos reinos de León, Castela e Navarra, que se declararon vasallos de Roma, pero non polos de Aragón
<b>66.</b>		<b>O dereito das mulleres a exercer a potestade rexia...</b>
	a	Foi recoñecido sempre nos reinos de Castela e Navarra, en ausencia de herdeiros varóns, pero non en León e Aragón, onde o exercicio do poder rexio das herdeiras do rei era asumido polos seus maridos
	b	Non foi recoñecido nunca nos reinos hispánicos medievais, e só se consolidou no S. XVIII
	c	Foi recoñecido sempre en ausencia de herdeiro varón nos reinos de Castela, León e Navarra, pero non en Aragón
	d	Foi recoñecido sempre nos reinos de León e Castela, en ausencia de herdeiros varóns, pero non en Aragón e Navarra, onde o exercicio do poder rexio das herdeiras do rei era asumido polos seus maridos
<b>67.</b>		<b>O <i>Consello Real</i> de Castela, no século XIV...</b>
	a	Era un corpo burocrático organizado, con <i>cadro de persoal</i> fixo, carácter permanente e funcións propias, que aconsellaba ao rei en asuntos públicos, e colaboraba con el na administración e goberno do Estado
	b	Asesoraba ao rei, aínda que non tiña <i>cadro de persoal</i> fixo nin funcionaba como un corpo consultivo permanente, o número dos seus membros variaba segundo as necesidades e os seus compoñentes designábanse con carácter honorífico
	c	Estaba constituído por técnicos en dereito, cabaleiros e un prelado, que se encargaban do despacho ordinario dos negocios públicos, e nel podían participar, segundo a gravidade dos asuntos, con voz e voto, os magnates, arcebispos, bispos e grandes do reino
	d	Estaba composto polos xefes militares, os oficiais da corte, o <i>Canciller</i> , o <i>Vicecanciller</i> e o <i>Maestre Racional</i> , e tiña como misión asesorar ao rei en asuntos públicos e na administración de xustiza
<b>68.</b>		<b>Ao <i>Adelantado Maior</i> da Corte...</b>
	a	Competíanlle funcións xudiciais e executivas, como prender ou poñer tregua, e entender de preitos entre as xentes da casa do rei
	b	Nomeado polo rei, xulgaba, á cabeza dos tribunais de distrito, conforme ao dereito ou foro da localidade
	c	Substituíaa ao monarca e xulgaba por delegación e mandato del, entendendo en apelación contra as sentencias dos xuíces da Curia, ou de outros do territorio do reino
	d	Tamén chamado Xuíz de Palacio, era o xuíz que dirimía os conflitos entre o rei e os nobres, e se encargaba de que o rei actuase de acordo cos foros tradicionais
<b>69.</b>		<b>Os primeiros documentos casteláns nos que se emprega como soporte escritórico o papel...</b>
	a	Son as cartas abertas, ás que se lles incorpora selo de placa no reinado de Afonso VII
	b	Son os mandatos, aos que se incorpora selo de placa no reinado de Afonso X
	c	Son as cartas abertas, ás que se lles incorpora selo de placa no reinado de Afonso X
	d	Son os mandatos, aos que se incorpora selo de placa no reinado de Afonso VII

<b>70.</b>		<b>Os arquivos históricos provinciais...</b>
	a	Constitúense en intermedios por decreto de 1947
	b	En 1947, acórdase que recollan, no seu ámbito territorial, os documentos producidos pola administración notarial e polas delegacións de facenda
	c	En 1969, acórdase que recollan, no seu ámbito territorial, os documentos producidos pola administración xudicial e polas delegacións de facenda
	d	Constitúense en intermedios por decreto de 1969
<b>71.</b>		<b>O Arquivo do Reino de Mallorca...</b>
	a	Conserva documentos da Inquisición
	b	Non conserva documentos da Inquisición pero si os fondos documentais incautados polo Estado na Desamortización
	c	O Arquivo que conserva documentos da Inquisición é o Histórico Provincial de Mallorca
	d	Converteuse en Arquivo Nacional das Illas Baleares e conserva documentos da Inquisición
<b>72.</b>		<b>A letra procesual...</b>
	a	A partir de mediados do século XIV, será a utilizada nas escribanías públicas castelás, e sobre todo na administración de xustiza, como escritura de procesos, que lle dan o nome
	b	A partir de mediados do século XV, será a utilizada nas escribanías públicas castelás, e sobre todo na administración de xustiza, como escritura de procesos, que lle dan o nome
	c	A partir de mediados do século XVI, será a utilizada nas escribanías públicas castelás, e sobre todo na administración de xustiza, como escritura de procesos, que lle dan o nome
	d	A partir de mediados do século XIII, será a utilizada nas escribanías públicas castelás, e sobre todo na administración de xustiza, como escritura de procesos, que lle dan o nome
<b>73.</b>		<b>A Lei catastral de 5 de marzo de 2004, respecto ao acceso aos documentos por terceiros aos datos de inmoables dos que non sexan titulares, establece como necesario o consentimento dos titulares, coas excepcións, nas que se inclúen...</b>
	a	Que o acceso sexa preciso para a execución de proxectos de investigación de calquera tipo
	b	Que o acceso sexa preciso para notarios e rexistradores para a identificación das fincas
	c	Que o acceso sexa preciso a quen figuren como titulares dunha determinada parcela para a identificación dos lindeiros incluídos os valores catastrais
	d	Que un real decreto do Ministerio de Facenda exclúa o dito consentimento
<b>74.</b>		<b>Que concordato reconece aos reis o dereito universal de <i>Padroado</i>?</b>
	a	O de 1736, entre Clemente XII e Filipe V
	b	O de 1753, entre Benedicto XIV e Fernando VI
	c	O de 1851, entre Pío IX e Isabel II
	d	Ningún deles
<b>75.</b>		<b>A maior parte dos fondos do clero secular da provincia de Ourense custódiense...</b>
	a	No Arquivo Histórico Provincial de Ourense
	b	No Arquivo da Deputación Provincial de Ourense
	c	No Arquivo Histórico Nacional
	d	Nos Arquivos Catedralicio e Diocesano de Ourense
<b>76.</b>		<b>A división territorial de Galicia proposta pola Segunda Deputación Única a través da Comisión Especial de División do Territorio, estableceu ...</b>
	a	As provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Tui
	b	As provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo
	c	As provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
	d	As provincias de A Coruña, Lugo, Betanzos e Pontevedra
<b>77.</b>		<b>No momento da súa creación, a Inquisición na coroa de Castela...</b>
	a	Tiña autoridade sobre toda a poboación, en asuntos da súa competencia
	b	Tiña autoridade sobre xudeus e moriscos
	c	Tiña autoridade sobre cristiáns e xudeus, quedando os moriscos e conversos fóra da súa disciplina
	d	Tiña autoridade sobre os cristiáns bautizados, estando os non bautizados exentos da súa disciplina
<b>78.</b>		<b>A escritura carolina...</b>
	a	É unha letra angulosa, con grande contraste entre trazos grosos descendentes e trazos delgados

		ascendentes
	b	É unha letra que presenta un claro contraste entre o corpo das letras e os hastís, moi acentuados e curvilíneos
	c	É unha letra regular, cursiva, presenta unións entre as letras, uso xeneralizado de maiúsculas e abundantes nexos
	d	É unha letra regular e constante, con letras minúsculas salvo o n, que pode ser maiúsculo, e coas letras separadas
<b>79.</b>		<b>A Constitución de 1931....</b>
	a	Mantivo a existencia das deputacións provinciais como cauce para a prestación de servizos aos concellos, reguladas pola lei de bases de 1935
	b	Substituíu as deputacións provinciais por agrupacións municipais reunidas, de carácter provincial, reguladas pola lei de bases de 1935
	c	Suprimiu as deputacións provinciais, creando no seu lugar a terceira Deputación Única de Galicia, regulada pola lei de bases de 1935
	d	Substituíu as deputacións provinciais polas comunidades comarcais, máis axeitadas ao territorio galego, reguladas pola lei de bases de 1935
<b>80.</b>		<b>Podemos atopar documentos da universidade de Alcalá na idade Moderna...</b>
	a	No Arquivo de Simancas
	b	No Arquivo Histórico Nacional
	c	No Arquivo da <i>Chancillería</i> de Valladolid
	d	No Arquivo Xeral da Administración
<b>81.</b>		<b>Que era o Dereito de Espolio en Aragón?</b>
	a	O dereito do rei a percibir as rendas dos bispados vacantes
	b	O dereito do papa a recibir as rendas dos bispados vacantes
	c	O dereito do rei a percibir o quinto do botín de guerra
	d	O dereito do rei a dispoñer dos bens dos seus vasallos en caso de guerra
<b>82.</b>		<b>A Contaduría Maior de Facenda en Castela...</b>
	a	Ocupábase da ordenación de pagos e do control das operacións realizadas polos administradores e polos arrendadores de rendas
	b	Ocupábase da ordenación de pagos
	c	Ocupábase do control das operacións realizadas polos administradores e polos arrendadores de rendas
	d	Exercía de caixa única
<b>83.</b>		<b>As universidades de Vigo e A Coruña créanse...</b>
	a	En 1988 e 1990, respectivamente
	b	En 1988
	c	En 1990
	d	En 1990 e 1991 respectivamente
<b>84.</b>		<b>As seccións nas que se estrutura o banco de datos do arquivo da emigración galega pertencente ao Consello da Cultura Galega son...</b>
	a	Arquivos persoais, arquivos de asociacións, arquivos de institucións na diáspora, fontes bibliográficas, fontes literarias e fontes artísticas
	b	Arquivos persoais, arquivos de asociacións, arquivos de institucións na diáspora, fontes bibliográficas e fontes artísticas
	c	Documentación inédita, bibliografía, folletos, soportes gráficos, hemeroteca, fontes estatísticas, fontes sonoras, fontes literarias e fontes artísticas.
	d	Documentación inédita, bibliografía, folletos, soportes gráficos, hemeroteca, fontes estatísticas, fontes sonoras, fontes literarias, fontes artísticas e fontes arquivísticas.
<b>85.</b>		<b>O vértice da cadea de mando dos exércitos españois actuais está composta por...</b>
	a	<i>A Xunta de Defensa Nacional</i>
	b	<i>O Alto Estado Maior</i>
	c	O Ministro de Defensa e a <i>Xunta de Defensa Nacional</i>
	d	<i>A Xunta de Xefes de Estado Maior</i>
<b>86.</b>		<b>Que texto constitucional proclamou por vez primeira a inviolabilidade parlamentaria?</b>

	a	A Constitución de 1812
	b	A Constitución de 1837
	c	A Constitución de 1869
	d	A Constitución de 1876
<b>87.</b>		<b>Na facenda da Idade Media existiron tributos que recaeron sobre a entrada e saída das mercancías do reino, foron entre outros...</b>
	a	En Castela o <i>almojarifazgo</i>
	b	En Cataluña os <i>usatges</i>
	c	En Castela a <i>lezda</i>
	d	En Cataluña a <i>bolla</i>
<b>88.</b>		<b>Os índices de tipos documentais...</b>
	a	Son instrumentos resultantes da fase de valoración
	b	Son instrumentos resultantes da fase de selección
	c	Son instrumentos resultantes da fase de identificación
	d	Non se utilizan nos arquivos estes tipos de índices
<b>89.</b>		<b>A Cancillería navarra na súa segunda etapa dende 1234 ata 1512...</b>
	a	Expide, entre outros documentos, cartas patentes ou abertas e as misivas ou pechadas
	b	Expide privilexios e mandatos, pero non cartas patentes ou abertas, nin misivas ou pechadas
	c	Expide privilexios, mandatos, cartas patentes ou abertas, pero non as misivas ou pechadas
	d	Expide cartas patentes ou abertas e as misivas ou pechadas, que son tipos documentais que só produciu a <i>Cancillería navarra</i>
<b>90.</b>		<b>O sistema fiscal vixente descansa fundamentalmente sobre os impostos...</b>
	a	Renda e IVA, pero non sociedades
	b	Renda, sociedades e IVA
	c	Renda e sociedades, pero non IVA
	d	Sociedades e IVA, pero non renda
<b>91.</b>		<b>A figura do notario como funcionario público que dá fe, conforme ás leis, dos contratos e demais actos extraxudiciais, recolleuse...</b>
	a	Na Nova Recompilación
	b	Na Novísima Recompilación
	c	Na Lei do notariado de 1862
	d	Na Lei do notariado de 1882
<b>92.</b>		<b>A Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia regula...</b>
	a	No título VIII o patrimonio documental e os arquivos
	b	No título VII o patrimonio bibliográfico
	c	No título VIII o patrimonio documental e bibliográfico
	d	No título VI o patrimonio bibliográfico
<b>93.</b>		<b>As primeiras ordenanzas sistematizadas da Real Audiencia de Galicia...</b>
	a	Foron dadas polos Reis Católicos, en Granada, en 1500.
	b	Foron dadas polos Reis Católicos en Toledo, en 1480
	c	Foron dadas polos Reis Católicos en Salamanca, en 1486
	d	Foron dadas pola raíña Dona Xoana en Medina del Campo, en 1504.
<b>94.</b>		<b>O artigo 61.2 da Lei 16/1985 de patrimonio histórico español establece que...</b>
	a	Os arquivos de titularidade estatal e carácter nacional serán creados mediante lei
	b	Todos os arquivos de titularidade estatal serán creados mediante real decreto
	c	Todos os arquivos de titularidade estatal serán creados mediante lei
	d	Os arquivos de titularidade estatal e carácter nacional serán creados mediante real decreto
<b>95.</b>		<b>O Arquivo do Banco de España...</b>
	a	Conserva documentos do Banco de San Carlos
	b	Conserva documentos só do Banco de España
	c	Conserva documentos do Banco de España e do Banco de San Fernando pero non do Banco de San Carlos
	d	Conserva documentos do Banco de España e do Banco de San Carlos pero non do Banco de San Fernando

<b>96.</b>		<b>O Colexio de San Patricio dos Irlandeses...</b>
	a	Foi fundado polo arcebispo de Santiago Xoán de San Clemente
	b	Pertence a Universidade de Palencia
	c	Filipe III situouno baixo o amparo dos xesuítas
	d	Foi fundado por Fonseca Fernández Boán
<b>97.</b>		<b>“Los archivos: Cómo Construírlos”...</b>
	a	É unha publicación de Eduardo Núñez Fernández
	b	É unha publicación de Carmen Pescador del Hoyo
	c	É una publicación de Joaquín Ibáñez Montoya
	d	É a publicación dun informe encargado polo Ministerio de Cultura á Mesa Nacional de Arquivos Municipais
<b>98.</b>		<b>A Deputación das Cortes de Castela ocupouse no século XVI...</b>
	a	De problemas relativos a guerra e o recrutamento militar
	b	De problemas relativos a guerra o recrutamento militar e da recadación das sisas
	c	De administrar as rendas procedentes do encabezamento de <i>tercias</i> e alcabalas
	d	De administrar as rendas procedentes do encabezamento de <i>tercias</i> , alcabalas e de <i>lanzas e medias annatas</i>
<b>99.</b>		<b>O Arquivo Histórico do Instituto Hidrográfico da Mariña...</b>
	a	Ten a súa sede en Cartaxena e conserva unha importante colección de cartas náuticas
	b	Ten a súa sede en Cartaxena e conserva os documentos do <i>Real Instituto e Observatorio da Armada</i>
	c	Ten a súa sede en Cádiz e conserva expedientes de limpeza de sangue para o acceso ao Corpo de <i>guardamarinas</i>
	d	Ten a súa sede en Cádiz e conserva unha importante colección de cartas náuticas
<b>100.</b>		<b>A Constitución de Cádiz...</b>
	a	Recolle a denominación de ministro
	b	Mantén a denominación tradicional de secretarios do despacho
	c	Recupera a organización polisinodal
	d	Creou o ministerio de Fomento
<b>101.</b>		<b>No Real decreto 2598/1998 establécese o sistema de Arquivos Militares e estrutúrase en...</b>
	a	Cinco subsistemas: o do Exército de Terra, o da Armada, o do Exército do Aire, o dos Servizos Centrais e os dos servizos periféricos
	b	Tres subsistemas: o do Exército de Terra, o da Armada e o do Exército do Aire
	c	Catro subsistemas: o do Exército de Terra, o da Armada, o do Exército do Aire e o dos Servizos Centrais
	d	Neste Real decreto só se establece a estrutura do subsistema dos Servizos Centrais
<b>102.</b>		<b>Galicia obtén voto en Cortes...</b>
	a	En 1623, aínda así non obtén o rango de provincia
	b	En 1723, paso fundamental para adquirir o rango de provincia, rango que se lle recoñece no auto acordado de 1791
	c	En 1623, paso fundamental para adquirir o rango de provincia, rango que se lle recoñece no auto acordado de 1691
	d	Nos séculos XVII e XVIII a representación de Galicia a segue ostentando Zamora
<b>103.</b>		<b>Consérvanse documentos das respectivas Bailías...</b>
	a	No Arquivo da Coroa de Aragón, para Cataluña; e no Arquivo do Reino de Valencia. En Mallorca non existiu a institución
	b	No Arquivo da Coroa de Aragón, para Cataluña; e no Arquivo do Reino de Mallorca. En Valencia non existiu a institución
	c	No Arquivo da Coroa de Aragón e no Arquivo Histórico Nacional para Cataluña; e no Arquivo do Reino de Mallorca. En Valencia non existiu a institución
	d	No Arquivo da Coroa de Aragón, para Cataluña; no Arquivo do Reino de Valencia e no Arquivo do Reino de Mallorca
<b>104.</b>		<b>O xuízo por xurados en España...</b>
	a	Establécese na Constitución de 1869, recóllese na Constitución de 1931 e actualmente está regulado na Lei orgánica 5/1995, do xurado, modificada pola lei orgánica de 8/1995

	b	Establécese na Constitución de 1869, recóllese na Constitución de 1931 e actualmente está regulado na Lei orgánica 5/1980, do xurado, modificada pola lei orgánica de 8/1995
	c	Establécese por primeira vez na Constitución de 1931 e actualmente está regulado na Lei orgánica 5/1980, do xurado, modificada pola lei orgánica de 8/1995
	d	Establécese por primeira Constitución non promulgada de 1856 recóllese na Constitución de 1931 e actualmente está regulado na Lei orgánica 5/1995, do xurado, modificada pola lei orgánica de 8/1995
<b>105.</b>		<b>O Arquivo Histórico Provincial de Ourense custodia parte dos documentos do arquivo municipal de...</b>
	a	Xinzo de Limia
	b	Ribadavia
	c	Coles
	d	Beariz
<b>106.</b>		<b>O cargo de Inquisidor Xeral...</b>
	a	Foi único para Castela e Aragón desde o seu nacemento
	b	Ostentouno Torquemada para o Castela e o bispo de Vich, Juan Enguera, para Aragón
	c	Ostentouno Torquemada para o Castela e dende 1483 foi inquisidor xefe de Aragón
	d	Non se estableceu ata o século XVII
<b>107.</b>		<b>O plan descritivo dun arquivo público...</b>
	a	Fíxase dende os órganos produtores dos documentos
	b	Debe incluír necesariamente catálogos dos documentos
	c	Elabora o órgano dos servizos comúns do que depende o arquivo
	d	Debe responder ás demandas dun público indeterminado e heteroxéneo
<b>108.</b>		<b>Para localizar documentos do Tribunal Central de Traballo haberá que acudir ao...</b>
	a	Arquivo Histórico Nacional
	b	Arquivo Xeral da Administración
	c	Arquivo da Memoria Histórica
	d	Os documentos desta institución perdéronse
<b>109.</b>		<b>No franquismo respecto ao sistema tributario destaca...</b>
	a	A reforma de 1957 na que aparecen como impostos fundamentais na tributación directa o imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto de tráfico de empresas, o imposto de sucesións, e a contribución de utilidades
	b	A reforma de 1964 na que aparecen como impostos fundamentais na tributación directa o imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre a renda das persoas xurídicas e o imposto de sucesións
	c	A reforma de 1957 na que aparecen como impostos fundamentais na tributación directa o imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre a renda das persoas xurídicas, o imposto de sucesións e o imposto de tráfico de empresas
	d	A reforma de 1964 na que aparecen como impostos fundamentais na tributación directa o imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto de tráfico de empresas e o imposto de sucesións
<b>110.</b>		<b>Cal foi o primeiro arquivo histórico provincial ao que se lle outorgou un recoñecemento de calidade en 2003?</b>
	a	O de León
	b	O de Murcia
	c	O de Lérida
	d	O de Albacete
<b>111.</b>		<b>O Consello de Indias desde o seu nacemento en 1524...</b>
	a	Pode afirmarse que se ocupou de todos o os asuntos políticos e administrativos para o Novo Mundo
	b	Pode afirmarse que se ocupou de todos o os asuntos políticos e administrativos para o Novo Mundo, salvada a breve paréntese na que a facenda indiana dependeu do Consello de Facenda durante o reinado de Filipe III (1600-1610)
	c	Pode afirmarse que se ocupou de todos o os asuntos políticos e administrativos para o Novo Mundo, salvada a breve paréntese na que a facenda indiana dependeu do Consello de Facenda, durante o reinado de Carlos I (1550-1556)
	d	Pode afirmarse que se ocupou de todos o os asuntos políticos e administrativos para o Novo Mundo,

		salvada a breve paréntese na que a facenda indiana dependeu do Consello de Facenda durante o reinado de Filipe II (1557-1562)
<b>112.</b>		<b>Para coñecer a xustiza na idade moderna nos ámbitos inferiores en Galicia...</b>
	a	Podemos consultar os documentos do <i>corrixidor</i> de Lugo no Arquivo Municipal de Lugo
	b	Podemos consultar os documentos do <i>corrixidor</i> de Lugo no Arquivo Histórico Provincial de Lugo
	c	Podemos consultar os documentos do <i>corrixidor</i> no Arquivo Municipal da Coruña
	d	Podemos consultar os documentos do <i>corrixidor</i> de Lugo no Arquivo do Reino de Galicia
<b>113.</b>		<b>Que norma, entre as seguintes, regula os órganos colexiados que interveñen na aplicación da Lei 16/1995 en materia de arquivos?</b>
	a	O Real decreto 111/1986 de desenvolvemento parcial da lei 16/1985
	b	A Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común
	c	A Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia
	d	O decreto 307/1986 regulador do sistema de arquivos e patrimonio documental de Galicia
<b>114.</b>		<b>Na primeira asemblea das Irmandades da Fala celebrada en 1918 fixase o seu programa político no que se inclúe...</b>
	a	A igualdade de dereitos da muller
	b	A abolición das clases sociais
	c	O ingreso de Galicia na ONU
	d	O restablecemento da Deputación Única para Galicia
<b>115.</b>		<b>EAD é.....</b>
	a	Un estándar para estrutura de datos
	b	Un estándar para contido de datos
	c	Un estándar para estrutura e contido de datos, xa que determina que información debe ir nas descrições
	d	Un formato de datos que permite crear, almacenar, buscar e intercambiar información nun formato electrónico estándar
<b>116.</b>		<b>Reuniuse en Lugo...</b>
	a	A Asemblea Federal da Rexión Galega que aprobou o Proxecto de Constitución para o Estado Galaico en 1887 e en Ourense a primeira asemblea das Irmandades da Fala celebrada en 1918
	b	A Asemblea Federal da Rexión Galega que aprobou o Proxecto de Constitución para o Estado Galaico en 1887 e a primeira asemblea das Irmandades da Fala celebrada en 1918
	c	A primeira asemblea das Irmandades da Fala celebrada en 1918 e en Ourense a Asemblea Federal da Rexión Galega que aprobou o Proxecto de Constitución para o Estado Galaico en 1887
	d	A primeira asemblea das Irmandades da Fala celebrada en 1918 e en Santiago de Compostela a Asemblea Federal da Rexión Galega que aprobou o Proxecto de Constitución para o Estado Galaico en 1887
<b>117.</b>		<b>A Constitución de 1869...</b>
	a	Recoñeceu o sufraxio universal masculino a partir dos 25 anos
	b	Reduciu o corpo electoral
	c	É unha carta outorgada
	d	Establece o sufraxio censatario
<b>118.</b>		<b>Que tipos de clasificación propón Schelleberg?</b>
	a	Funcional, orgánica e alfabética
	b	Cronolóxica, alfabética e numérica
	c	Orgánica, cronolóxica e numérica
	d	Funcional, orgánica e de materias
<b>119.</b>		<b>Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA)...</b>
	a	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1962 e 1988, ano este último en que se integrou no Bloque Nacionalista Galego
	b	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1972 e 1988, ano este último en que se integrou no Bloque Nacionalista Galego
	c	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1962 e 1988, ano este último en que se integrou na Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG)
	d	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1972 e 1988, ano este último en que se integrou na Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG)

<b>120.</b>		<b>O Trentenario é...</b>
	a	A comisión de trinta e dous membros a través da que actúa o <i>Consejo de Ciento</i> de Navarra
	b	A comisión de trinta e dous membros a través da que actúa o <i>Consell de Cent</i> de Barcelona
	c	A Comisión de trinta e dous membros do <i>Gran i General Consell</i> de Valencia
	d	A Comisión de trinta e dous membros do <i>Gran i General Consell</i> de Mallorca

Reserva

<b>121.</b>		<b>En que período aparece expresamente en Castilla o título de <i>Canciller</i>?</b>
	a	No reinado de Afonso VII
	b	No reinado de Afonso VIII
	c	No reinado de Afonso X
	d	No reinado de Sancho III
<b>122.</b>		<b>A Deputación do Reino de Navarra, constituíuse como delegación permanente das Cortes...</b>
	a	En 1359
	b	En 1412
	c	En 1419
	d	En 1501
<b>123.</b>		<b>A Constitución de 1876...</b>
	a	Recoñece os dereitos individuais, aínda que remite ao desenvolvemento normativo posterior o procedemento da súa tutela
	b	Garante a liberdade de cultos
	c	Asegura o predominio das Cortes sobre o rei, ao non poder este disolver as Cortes
	d	Fixa por vez primeira os dereitos de reunión e asociación, e a liberdade de traballo para os estranxeiros